



XUNTA DE GALICIA
Consellería de Medio Ambiente Territorio e
Infraestructuras
Departamento Territorial de A Coruña
Pza.Luis Seoane s/n, 8^a
15071- A Coruña

Jose Manuel Lage Tuñas , concelleiro delegado de Facenda do Concello de Noia, teño a ben
EXPÓR

Primeiro: Fincas expropiadas

Por mor das obras de “Conexión corredor Brión-Noia coa estrada AC-550 en Taramancos(Noia). Clave: AC/09/112.01” por parte desa administración realizouse expropiación das seguintes parcelas:

FINCA	Xustiprezo fixado pola Administración exprópiante
Finca 272	10.820,31 €
Finca 272CO	3.029,32 €
Finca 273	87.792,94 €
Finca 273CO	29.846,99 €
Finca 275	23.957,01 €
Finca 275CO	1.971,19 €
Finca 276	3.503,78 €
Finca 212A	39,90 €
TOTAL	160.961,44 €

Segundo: Importes abonados por parte da Xunta de Galicia

A Xunta de Galicia realizou o pagamento nas seguintes datas:

- 09/07/2010: 10.499,70 euros
- 10/06/2011: 1.030,60 euros
- 04/09/2013: 74.907,26 euros
- 02/06/2014: 26.856,75 euros.
- 13/11/2015: 47.666,02 euros

Terceiro: Intereses demora na fixación do xustiprezo e no pagamento

A lexislación aplicable en materia de expropiacións contempla a obriga do pagamento dos interes de demora en dous supostos, polo transcurso de seis meses dende a iniciación do expediente expropiatorio sen terse determinado definitivamente en vía administrativa o xustiprezo, así como polo transcurso de seis meses dende a determinación definitiva do xustiprezo sen terse pagado este.

Nas expropiacións de carácter urxente, conforme co establecido no art.52.8 da LEF, en relación co artículo 56, si a ocupación non se realiza transcorridos seis meses da declaración de urxencia, a determinación do “dies a quo” será a partir do que se cumpran os seis meses da devandita declaración. Neste caso o devengo dos intereses pola demora na fixación do xustiprezo e pola demora no pagamento, producese sen interrupción, ata o momento do pagamento final.

A data de declaración de utilidade pública e urxente ocupación, Decreto 339/2009, DOGA 303, data 15/10/2009. Así, devengarase os intereses pola demora na fixación do xustiprezo a partir do 15/04/2010.

O dies ad quem para o cálculo dos intereses é aquel no que se produce o efectivo pago da cantidade adebedada, do que resulta o seguinte:

	Data	Importe pendente de pagamento	Días intereses	Tipo	Intereses
	Do 15/4/2010 ata o 8/7/2010	160.961,44	443	4,00%	7.922,88
	Do 9/7/2010 ata o 9/6/2011	150.461,74	330	4,00%	5.516,93
	Do 10/6/2011 ata o 03/09/2013	149.431,14	443	4,00%	7.355,33
	Do 04/09/2013 ata o 02/06/2014	74.523,88	268	4,00%	2.219,16
	Do 02/06/2014 ata o 13/11/2015	47.667,13	520	4,00%	2.754,10
					25.768,40

Cuarto: Intereses de demora sobre a cantidade liquida adeudada en concepto de intereses.

Os intereses de demora na fixación e pagamento do xustiprezo son, ao momento de pagarse éste, unha débeda líquida que xeneran intereses de demora, sen que constitúa un suposto de anatocismo, dado que se trata dun crédito accesorio do xustiprezo e dunha obriga legal do artigo 1108 do CC. Neste sentido, compre traer a colación, entre outras a STS do 23 de febreiro de 2002.

Conforme o exposto SOLICITO:

Primeiro: Que por parte desa Consellería se realice, o pagamento da cantidade de 25.768,40 euros en concepto de demora na fixación e pagamento do xustiprezo pola expropiación por mor das obras de “Conexión corredor Brión-Noia coa estrada AC-550 en Taramancos(Noia). Clave: AC/09/112.01”.

Segundo: Que se abone os interes de demora pola demora no pagamento dos interes aos que ser fai referencia no apartado anterior(25.768,40 euros), tomado como período de xeración dende o día 13/11/2015(data en que se realiza o ultimo pagamento da expropiación) ata a data en que se ordene pagar a cantidade liquida e determinada no apartado anterior.

Noia, 9 de febreiro de 2016

O concelleiro delegado de facenda

Asdo: Jose Manuel Lage Tuñas